



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 21 DE MAIO DE 2013**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE  
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ  
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ  
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ  
D.<sup>a</sup> OLGA MARÍA BLANCO TEJEIRO  
D. FERNANDO VILAR DÍAZ  
D.<sup>a</sup> DELIA PAZ ARDAO

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e un de maio de dous mil trece baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asiste á sesión D. Marcos Rodríguez Calvo.

## **1. LECTURA E APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27 DE ABRIL DE 2013.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e sete de abril de dous mil trece.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## **2.EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N° 1/2013. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos núm. 1/2013 que ascende á cantidade de 20.000€, que recolle transferencias de créditos entre as partidas 2013.3.21; 2013.3.22 á partida 2013.3.68 por importe de 24.613,85€ para a compra de tractor seminovo e desbrozadora de brazo como consecuencia da execución da sentenza do Xulgado do Contencioso - Administrativo número 1 de Ferrol, que obrigou ao concello a liquidar o contrato asinado no ano 2007 coa empresa Comercial Veiras S.A., o que conlevou que ámbalas dúas partes do contrato tiveran que restituir as prestacións recíprocas, e dicir o concello devolveu o tractor e a desbrozadora e a empresa devolveu ao concello a cantidade de 24.613,84€, o que se fai co presente expediente de modificación é volver a comprar usado e a desbrozadora de brazo pola mesma cantidade que a empresa devolveu ao concello.

Asimesmo contéplase un suplemento de crédito na partida 2013.2.22 por importe de 20.000€ con cargo a mióres ingresos como consecuencia do incremento de horas de prestación a dependentes outorgadas pola Xunta ao Concello da Capela.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar e insistir no que xa dixo o seu Grupo na derradeira Comisión informativa de Asuntos do Pleno, no sentido de que os expedientes de modificación de crédito deben de vir separados e que o seu grupo non está contento e sí bastante decepcionado porque non se dira conta deste asunto da sentenza do tractor na xunta de voceiros aos membros da oposición, e quere seguir pensando que seguirá habendo máis diálogo co equipo de goberno a pesares deste asunto. Non obstante dí expresamente que revisou o expediente coas sentenzas, e que a solución que adoptou o concello de liquidar o contrato foi a mellor para os intereses da Capela.

Remata a súa intervención anunciando a abstención do seu grupo por considerar que é a menos mala neste expediente de modificación de créditos para os intereses da Capela.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, para manifestar que as modificacións de crédito deben de vir ao pleno de xeito separado, como xa se ten solicitado reiteradamente; dí que o seu grupo ten amosado nestes dous anos de mandato municipal moita

responsabilidade e unha actitude construtiva, polo que non acaba de entender por qué non se deu información ao ser este un asunto grave e sobre o que seu grupo vai chegar ata o final.

Remata a súa intervención pedíndolle ao Sr. Alcalde que regule os plenos, xa que na derradeira comisión informativa un funcionario faltoulle ao respecto cousa que non ocorrira nos anos que leva de concelleiro.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, dise que con respecto ao expediente de modificación de créditos non se pode meter no mesmo lote un tractor e unha axuda a dependencia, as cousas deben de facerse doutro xeito, polo que anuncia a abstención do seu grupo.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que o expediente do tractor está a disposición de todos os grupos da oposición e de feito, xa o grupo municipal do Partido Popular, revisou o mesmo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da corporación, por maioría de votos ( 4 votos a favor da aprobación dos Sres. /Sras. Concelleiros/as do Grupo Municipal do P S de G - PSOE, 1 voto en contra do Sr. Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC e 3 abstencións dos Sres. /Sras Concelleiros /as dos Grupos Municipais do Partido Popular e Mixto - BNG), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos 1/2012, debendo aplicarse os suplementos de crédito, de acordo co seguinte cadro:

Capítulo	Consignac. Inicial	Exp. Incorporac. Remanentes.	Suplement. con Maiores ingresos.	Transf. Negativas	Transf. Positivas	Total Consig. Resultante
1I Gtos Persoal	330.977,98€					330.977,98€
II Gtos en Bens Correntes	544.282,68€	14.778,61€	20.000,00€	24.613,85€		554.447,44€
III Gtos Financeiros	0,00€					0,00€
IV Transf. Correntes	24.000,00€					24.000,00€
VI Investimentos Reais	275.739,34€	69.679,36€			24.613,85€	370.032,55€

VII Transf. de Capital	0,00€					0,00€
VIII Activos financeiros	0,00€					0,00€
IX Pasivos financeiros	0,00€				24.613,85€	1.279.457,97€
<b>TOTAL</b>	<b>1.175.000,00€</b>	<b>84.457,97€</b>	<b>20.000,00€</b>	<b>24.613,85€</b>	<b>24.613,85€</b>	<b>1.279.457,97€</b>

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo consideraránse definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva de anuncio no BOP.

### **3. ORDENANZA REGULADORA DAS OPERACIÓNS FORESTAIS DE CORTA, DEPÓSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA**

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente do texto da ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no concello, coas modificacións que se consensuaron na derradeira comisión informativa de asuntos do pleno realizada o día 16 de maio de 2013.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández para dicir que en liñas xerais a ordenanza aprobada lles parece ben e que polo que respecta ás fianzas propostas é positivo que na Comisión informativa de asuntos do pleno se acordase a súa baixada con respecto ás inicialmente propostas.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que está ben aprobar unha ordenanza deste tipo da que xa se tiña falado moitas veces e que unha vez regulado o asunto espera que os maderistas a cumbran.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, pregúntase ao Sr. Alcalde sobre o suposto das pistas privadas, respostándosele que o Concello

non ten competencias para regulamentar en terreos que non son da súa propiedade.

Sometido o asunto a votación, o pleno da Corporación por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello da Capela.

2º. Expoñer ao público aos efectos de reclamacións polo prazo de 30 días no BOP e taboleiro de anuncios do Concello.

3º. No suposto de non presentares reclamacións ao acordo inicial este enderese elevado automaticamente a definitivo.

4º. Derrogar expresamente o artigo 3 da ordenanza municipal reguladora de plantación e corta de árbores aprobada polo pleno do Concello en data 03.07.2001 e publicada no BOP número 160 de data 13.07.2001.

#### **4. CONTA XERAL EXERCICIO 2012. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente ao Pleno da Corporación da redacción da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2012. A mencionada Conta Xeral do presuposto foi informada favorablemente na Comisión Especial de Contas que se realizou o derradeiro día 22 de marzo de 2013, publicado anuncio no BOP número 63 de data 3 de abril de 2013, non se presentou ningunha reclamación, polo que procede sometela ao pleno da corporación aos efectos da súa aprobación.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, reiterase o xa dito na Comisión de Contas no senso da preocupación que xenera o envellecemento da poboación da Capela e ao mesmo tempo da pouca marxe que ten o concello para xerar ingresos propios.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, que esta vez van apoiar a aprobación da conta xeral, xa que tiveron participación no orzamento.

Remata o debate coa intervención da voceira do Grupo Mixto - BNG D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao para anunciar a abstención, xa que dí non ter participado no procedemento para a aprobación da Conta Xeral.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos ( 7 votos a favor dos Sres./Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PS de G - PSOE, Partido Popular e AIAC e 1 abstención da Sra. Concelleira do Grupo Mixto - BNG), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a Conta xeral correspondente ao exercicio 2012.

2º. Remitila en tempo e forma xunto coa documentación complementaria ao Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas do Estado.

### **5. CERTIFICACIÓN NÚMERO 2 DA OBRA PORTAL DE ENTRADA AS FRAGAS DO EUME. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente da redacción da certificación de obra núm. 2 correspondente a "Portal de entrada ás Fragas do Eume", que ascende á cantidade de 32.097,45€ . A certificación de referencia foi informada favorablemente por unanimidade na derradeira Comisión informativa de asuntos do pleno.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, para manifestar que nada que obxetar ao respecto e que si hai diñeiro que se proceda ao seu pagamento.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que a empresa está traballando ben e que polo tanto o que procede é pagarlle a certificación.

Remata a rolda de intervencións a voceira do Grupo Mixto - BNG, sinalando que non ten nada que engadir ao manifestado.


Visto o anterior, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Único. Aprobar a certificación núm. 2 da obra "Portal de entrada ás Fragas do Eume", obra que está a executar a empresa Huso 29 e estudios y construcciones, S.L., por un importe que ascende á cantidade de 32.097,45€ ive engadido.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas vintecinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**

Manuel Meizoso López



**O Secretario,**

José A. Meizoso Paz

